



Reclamante: [REDACTED]

Expediente **RSCTG 0111/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], en nome e representación da [REDACTED] mediante escrito do 8 de novembro de 2017 e remitido pola Consellería do Mar o 17 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro O 17 de novembro de 2017 a Consellería do Mar remite un recurso interposto ante esa administración por [REDACTED] en nome e representación da [REDACTED] ao entender que existe un erro na cualificación do recurso por parte do recorrente por tratarse dunha petición contra a inadmisión da solicitude presentada polo reclamante o 14 de outubro de 2017, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro *“relacionada cunha denuncia penal sobre a contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros por parte da Consellería do Mar”*. O escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de novembro de 2017, ven acompañado de diversa documentación que se recolle de seguido:

O primeiro escrito é un recurso de reposición de 8 de novembro de 2017 dirixido á Consellería do Mar no que P [REDACTED] indica que o asunto son os contratos presuntamente ilegais dos helicópteros autorizados pola Secretaría Xeral Técnica e no que a solicitude é a suspensión da execución do acto impugnado *“por concorrer a circunstancia que pode causar prexuízos de imposible o difícil reparación (...) que se considere a nulidade do acto administrativo(...) se solicita expresamente a suspensión y paralización del acto impugnado previsto en los artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, ante o mesmo órgano que ditou o acto”*.

O segundo escrito de ██████████ recibido na Consellería do Mar o 14 de outubro de 2017 é unha recusación á ██████████ polo uso do silencio administrativo en 8 asuntos, por pertencer a mais de dous consellos de administración e por enemistade manifesta con algún dos interesados.

O terceiro escrito de ██████████ recibido na Consellería do Mar o 14 de outubro de 2017 é unha solicitude de aclaracións ou desmentidos en relación aos servizos de contratados con ██████████, os seus helicópteros e gardacostas. Nel indícase que dispoñen de múltiples documentos que indican que constatan irregularidades que non necesitan ser contrastadas *"pero a pesar de ello ponemos a su disposición el amparo legal que le protege por si desea hacer alguna aclaración o desmentido en base a la Ley y antes de ser enviados en forma de denuncia y comunicado a la prensa a los organismos correspondientes"*

O cuarto escrito de 25 de outubro de 2017 é unha solicitude de acto presunto ante a solicitude de aclaracións ou desmentidos en relación aos servizos contratados con ██████████, os helicópteros e Gardacostas, lido segundo certificación adxunta pola secretaria o 16 de outubro de 2017.

O quinto escrito, sen datar e sen firma dixital, a diferenza dos anteriores, é un escrito de manifestacións mediante denuncia penal ante a Fiscalía de Galicia contra ██████████ e a Consellaría do Mar en relación á existencia de *"indicios racionales suficientes de prevaricación en los organismos responsables de la contratación de los helicópteros de Guardacostas y de sus responsables, que se someten a la fiscalía de Galicia al objeto de que se tome las consideraciones oportunas."*

Segundo. Con data 30 de novembro de 2017, á vista da disparidade de documentación recibida, procédese a abrir unha proposta de emenda e mellora da solicitude nos termos previstos nos artigos 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e nos artigos 66 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, indicándoselle que:

"Tras a primeira valoración da documentación achegada pola Consellería do Mar xurde a dúbida previa a tramitación, en relación á súa solicitude toda vez que se achegan documentos que non parecen estar relacionados co dereito de acceso á información pública (...)"

Dado que non coinciden os asuntos dos escritos deberá achegar o seu consentimento para a tramitación do expediente de recurso potestativo ante a Comisión da Transparencia, sempre que solicitase ante a Consellería do Mar e se lle inadmitise algunha documentación ou contido nos termos do artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro en relación aos contratos de helicópteros que cita no seu recurso.

Neste caso deberá aclarar cando se solicitou a información relativa aos contratos dos helicópteros, e cando e en que modo lle inadmitiron a solicitude, sendo o xeito mais sinxelo a achega da copia dos ditos documentos, para o que disporá dun prazo de dez días.

En relación á documentación sobre a recusación que a ██████ realiza á Secretaría Xeral Técnica será devolta á Consellería por ser asunto da competencia desa administración.

No caso de que non achegue as aclaracións requiridas, teráselle por desistido da petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na norma correspondente."

Terceiro. Con data 30 de novembro de 2017, devólveselle á Consellería do Mar a documentación relativa á recusación por parte de ██████ da secretaria xeral técnica en todos os procedementos relacionados con ██████, ██████ e ██████ ██████, e a documentación relativa ás posibles aclaracións ou desmentidos en relación aos contratos con ██████, por tratarse de temas que non son competencia da Comisión da Transparencia, así mesmo pídelles informe de se existe exercicio do dereito de acceso á información pública.

Cuarto. Con data 30 de novembro de 2017 o interesado pide que se acepten as solicitudes relativas ás certificacións de actos presuntos e dise *"La solicitud ante o Defensor do Pobo y Comisión de Transparencia de Galicia, se centra exclusivamente en ambas certificaciones, siendo el resto de la documental aportada que hacen referencia ambos expedientes a modo ilustrativo y justificativos de las solicitudes."*

Quinto. Con data 14 de decembro de 2017 déuselle traslado da nova documentación achegada polo interesado á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achégase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 19 de decembro de 2017.

Sexto. Con data 22 de decembro de 2017 recibíuse o informe da Consellería do Mar, e o expediente instruído.

O informe indicou que o 14 de outubro tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, recibida na Secretaría Xeral Técnica o 20 de outubro. Tratábase dunha solicitude PR100A, modelo normalizado de acceso á información pública, *"acompañado dun escrito de denuncia dirixido á Fiscalía de Galicia, para expor unha serie de cuestións relativas a presuntas irregularidades sucedidas con motivo da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, alleas, en consecuencia, ao concepto de información pública legalmente definido no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e que fai referencia a*

contidos e documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

No seu escrito o interesado advertía de que daba un prazo de 3 días á Consellería do Mar para realizar aclaracións ou desmentidos ao contido da denuncia, con cita ao respecto de determinados preceptos da Lei Orgánica 2/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, transcorrido o cal remitiría o escrito de denuncia á Fiscalía.”

Igualmente a consellería recolle no informe que o 25 de outubro de 2017, “*utilizando de novo un modelo normalizado de acceso á información pública, o Sr. ██████████ solicita un certificado de acto presunto ante a falta de resposta a súa petición de tales aclaracións ou desmentidos*”

Finalmente o 3 de novembro de 2017, a Secretaría Xeral Técnica “*resolveu inadmitir a trámite a solicitude presentada o 14 de outubro por incorrer no suposto contemplado na letra e) do artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, na que se establece que se inadmitirán a trámite as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificadas coa finalidade de transparencia da Lei.*”

O informe está acompañado do expediente, no que constan as solicitudes do interesado, a resolución, o recurso e a remisión da documentación á Comisión da Transparencia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

A Comisión da Transparencia recibiu mesturados varios documentos presentados pola [REDACTED] ante a Consellería do Mar. O oficio só indicaba que existía un erro na cualificación dun recurso por parte [REDACTED], pero nin achegaba o expediente nin se informaba sobre a motivación da inadmisión. Neste caso, os escritos do reclamante, debido ao xeito de redactar, eran todos eles difíciles de comprender polo que foi necesaria facer unha proposta de emenda e mellora da solicitude que deu como resultado coñecer que as solicitudes e a resolución remitidas pola consellería do mar se referían a:

- Un escrito de denuncia dirixido á Fiscalía de Galicia, para expor unha serie de cuestións relativas a presuntas irregularidades sucedidas con motivo da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, e que se daba un prazo de 3 días á Consellería do Mar para realizar aclaracións ou desmentidos ao contido da denuncia, con cita ao

respecto de determinados preceptos da Lei Orgánica 2/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, transcorrido o cal se remitiría o escrito de denuncia á Fiscalía.

- Un certificado de acto presunto ante a falta de resposta a súa petición de tales aclaracións ou desmentidos.

Non existe por tanto a petición de documentos ou contidos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder da Consellería do Mar e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, en primeiro lugar porque a denuncia é unha documentación elaborada pola propia plataforma, e en segundo lugar porque a petición de certificación de actos presuntos, sempre vai ligada a un expediente administrativo concreto, e non está anteriormente en poder da administración se non que debe ser xerado dende que é solicitado.

O uso dun modelo normalizado de acceso á información pública non implica por si só que a solicitude que se presenta sexa o exercicio dun dereito de acceso á información pública. A petición que se fai por parte da plataforma non é información pública, e se ben está claro que, o solicitado ante a consellería, ten carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei, o relevante neste caso é que non se fai unha solicitude de información pública, e que así se lle debeu indicar no momento da recepción ao interesado, tal como establece o artigo 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro que di que *“cando a solicitude non identifique de xeito suficiente a información, pedirase ao solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, en caso de non facelo, se lle terá por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución”*, e neste caso non estaba identificada ningunha información.

Quinto.-

En conclusión, procede acordala inadmisión da reclamación, ao non existir unha solicitude de información pública, se non unha denuncia na que unha persoa xurídica privada solicita unha certificación de acto presunta, facendo uso en ámbolos dous casos dun modelo normalizado de solicitude de acceso a información pública.

A Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Único. Inadmitir o recurso presentado o 15 de novembro de 2017 por ██████████ ██████████, en nome e representación de ██████████, de acordo co indicado nos fundamentos xurídicos cuarto e quinto desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga